



Páx 2-5

ANÁLISE:

Por unha Patria Soberana

Páx 6-7

PONTEVEDRA:

O grupo de mediación e o modelo policial

Páx 7

PONTEVEDRA:

Núbebes: 1º Festival para bebés

Páx 8-10

PONTEVEDRA:

O modelo de Pontevedra exemplo nos foros internacionais: Munic, Beja, Almada

Páx 11

PONTEVEDRA:

- Camiños escolares
- Petanca en Monte Porreiro
- Visita a Braga
- Asfaltado da estrada de Cabanas

CONTRACAPA:

ACTOS POLÍTICOS

15 DE SETEMBRO

MANIFESTACIÓN ás 12 da mañá na Alameda de Santiago

Por unha
Patria
soberana



MANIFESTACIÓN: domingo 15 ás 12 H. na Alameda de Compostela

Por unha Galiza Soberana

O BNG realiza un chamamento amplo e aberto para unha gran mobilización nacional o 15 de setembro, baixo o lema Por unha patria soberana. Queremos convidar á **participación activa de todos os sectores sociais agredidos polas políticas da UE e do PP**. Fronte á corrupción, á destrución de emprego, ao recorte de dereitos e ao empobrecemento social imposto desde poderes políticos e económicos absolutamente deslexitimados, é preciso respondermos na rúa, con contundencia, colectivamente. É preciso rebelarse, por necesidade e por dignidade. E cómpre facelo reclamando abertamente a soberanía, porque a nosa capacidade de decisión é a chave da saída desta crise, porque precisamos de soberanía para desenvolver o país, conquistar a xustiza social e construír a democracia.

GALIZA ESTÁ, HOXE, AO BORDE DO PRECIPICIO

A nosa realidade é a dun país que está a ver como se venden as súas principais empresas a capital estranxeiro, como queda sen entidades financeiras propias,

como avanza o desmantelamento industrial, como se impide, condiciona ou limita -desde Madrid e desde Bruxelas- a capacidade de xerar riqueza, de crear emprego, como se acaba cos seus sectores produtivos, como a mocidade ten que marchar fóra buscar futuro, como se despoboa o territorio e avanza o avellentamento demográfico, ...

Todo isto son consecuencias directas da nosa falta de poder político para nos defender, para nos facer valer, para mirar polo noso. Velaquí as consecuencias directas da nosa falta de soberanía.

A CRISE COMBÁTESE DESDE A SOBERANÍA

23% de paro, 50 % de paro xuvenil, recorte de servizos e dereitos, estafas bancarias, desafiuzamentos, medre das desigualdades e da exclusión social... A prioridade para o BNG é combater a crise, unha crise que é roubo aos pobos e ás clases populares.

Dar a volta á crise exige dicir non ás po-



líticas europeas e estatais que nos limitan e empobrecen e gañar, fronte a elas, **capacidade política real** para decidir, para facermos aquilo que máis conveña aos nosos intereses como pobo.

Dar volta á crise exige tomar o **control dos nosos recursos** e poñelos ao servizo do desenvolvemento do país. Precisamos, para saír adiante, poder decidir sobre o noso: sobre a economía, sobre o noso aforro, sobre o territorio, sobre os nosos impostos.

Que teñamos capacidade real para poñer a producir o país nos seus sectores máis competitivos –gandaría, agro, pesca, naval, enerxía, acuicultura, ...– ou que sigamos impedidos polas limitacións impostas pola UE e por España, **é un problema de soberanía.**

Que teñamos capacidade de decisión e control real sobre o noso solo e subsolo, sobre as nosas rías

e a nosa costa, sobre os nosos recursos naturais, ou que todos eles sexan entregados a multinacionais que depredan o territorio e drenan cara fóra os beneficios, **é un problema de soberanía.**

Que a produción de enerxía que sae dos nosos montes inzados de eólicos e dos nosos ríos inzados de centrais hidroeléctricas repercute en beneficio do desenvolvemento do país ou sexa un expoñente máis da explotación colonial que padecemos, **é un problema de soberanía.**

Que contemos cun sistema de financiamento propio, no que poidamos xestionar nós os nosos impostos, ou nos sigan a enlamar no mito da Galiza incapaz de se valer por si mesma e precisada da falsa solidariedade centralista, **é un problema de soberanía.**

Que decidamos poñer en marcha

unha banca pública galega, centrada no apoio á economía real para a creación de emprego e de riqueza, ou que quedemos sen sector financeiro de noso, é un problema de soberanía.

Todos eses problemas son reais, concretos, afectan directa e gravemente ás posibilidades de desenvolvemento económico, social e cultural de Galiza e ás nosas condicións de vida como galegos e galegas.

Sen termos, pois, capacidade política real para decidir sobre o noso e para poder tomar decisións en función dos nosos intereses é imposible dar a volta á crise.

SOBERANÍA PARA O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E A XUSTIZA SOCIAL

Podemos vivir e traballar dignamente na propia terra, sen explotación, con igualdade, con xustiza social. Iso queremos. Iso quixo sempre o nacionalismo galego. Para o conseguir, necesitamos ter capacidade real para decidir libremente sobre os nosos asuntos, sobre todo aquilo que nos afecta como galegos e galegas, en función dos nosos intereses. Iso, e non ningún fetiche ideolóxico, é a soberanía.

Cando falamos de soberanía falamos das cousas de comer, da capacidade que teñamos como país para xerar emprego,





para financiar os servizos públicos, para poñer o aforro galego ao servizo do desenvolvemento económico de noso.

Desde o BNG temos que ser, nisto, especialmente claros e pedagóxicos. **Os problemas de Galiza non comezan coa actual crise.** Tamén antes padeciamos vetos e impedimentos para producir, explotación colonial dos nosos recursos, emigración, ... A crise veu a agudizalos, e a poñer aínda máis en evidencia a raíz profunda do problema. **Os problemas que condicionan o desenvolvemento da sociedade galega son problemas enraizados na nosa dependencia económica e na nosa subordinación política, e non terán solución real até rompermos esa dependencia e esa subordinación.**

Nada máis transformador para Galiza, pois, que reclamar a soberanía. Nada máis de

esquerdas que defender os intereses do pobo galego, das maiorías sociais, fronte a quen os traizo a en beneficio das oligarquías financeiras e dos lobby económicos, seguindo as directrices de Bruxelas e de Madrid. Nada máis de esquerdas que tomar o control dos propios recursos para os pór ao servizo do desenvolvemento económico e da xustiza social.

A SOBERANÍA PARA A DEMOCRACIA

Hai soberanía cando mandan os pobos e non as elites oligárquicas, hai soberanía cando as decisións as toman os gobernos e non a grande banca e os grandes lobby económicos, hai soberanía cando sobre os asuntos galegos mandamos as e os galegos e non a UE ou os poderes políticos e económicos alleos a nós.



O grupo de mediación e o modelo policial

Estes días a nosa compañeira Carme da Silva anunciou o suceso do novo grupo de mediación da Policía Local para resolver problemas entre veciños e veciñas en base ao diálogo e á negociación. Deamos un único dato: a Policía Local de Pontevedra leva resoltos un 50% dos casos que se podían atender por este método con acordo entre as partes.

En realidade, o grupo de mediación responde a un modelo policial que, como o resto do modelo Pontevedra, parte da imperiosa necesidade da participación e implicación cidadá, un modelo que procura, por enriba de todo, a convivencia.

Reproducimos a seguir un texto que explica o funcionamento e máis os motivos que levan ao BNG a pór en marcha este grupo especial en Pontevedra.

A función policial, para cumprir a súa finalidade na sociedade, ha de ser entendida como unha función dinámica, de adaptación constante as necesidades sociais ás que debe darlle resposta. Lonxe queda aquela concepción da actividade policial dirixida exclusivamente á seguraza cidadán e a pescuda do delito. Hoxe impónse o concepto máis amplo de policía comunitaria cuxo gravita arredor da persoa, non da seguraza.

Na actualidade máis do 80% dos requirimentos de servizo solicitados á Policía Local non teñen que ver directamente coas tradicionais

funcións policiais, a cidadanía reclama un labor de información, de colaboración, de socorro, de axuda, de preservación das relacións veciñais e familiares dentro do ámbito da normalidade, de seguraza viaria, de protección do dereitos fundamentais....

Tendo en conta estes datos, o Concello de Pontevedra formou, no seo da Policía Local, un grupo de sete persoas adicadas á mediación en conflitos entre particulares. Esta actividade enmárcase dentro da idea de prevención, é dicir, da actuación policial, voluntariamente aceptada polas partes, entre as persoas implicadas ante

un conflito, existente ou en cernes, para que este desapareza ou nunca chegue a producirse. A desactivación da contenda é decisiva, na maior parte das ocasións, para o benestar da persoa xa que o seu estado natural é o estado de tranquilidade, de equilibrio e non o de tensión, enfrontamento o crispación.

Pola súa natureza, pola proximidade das partes implicadas, obrigadas a convivir a diario e compartir espazos comúns e pola persistencia no tempo, os conflitos entre familiares ou veciños xeran situacións de verdadeira ansiedade e tensión psicolóxica que en non poucos casos están na base mesmo de enfermidades moi graves.

A busca dunha solución exclusivamente favorable aos intereses dunha das partes acaba con certa regularidade nos xulgados en pleitos interminábeis e moi custosos que non fan máis agravar o dano que a diario se ven sufrindo. E, en outras ocasións, hai quen opta por solucións radicais: tomar a lei pola man. O afectado ve a solución ao problema mediante actuacións directas e ilegais contra o que considera o seu inimigo, o que non provoca outra cousa que empeorar

a súa situación persoal ao verse abocado ás comisarías de policía e xulgados de instrución onde o relevante é a agresión cometida ou a lesión causada sen ter en conta outras razóns ou os precedentes do caso.

En conclusión, os conflitos entre particulares, rodeados insultos, ameazas, desconsideracións, a miúdo cometidas na impunidade e sen posibilidade de proba que nos permita buscar xustiza porque sempre acabamos na imposibilidade de demostrar o afirmado, son un problema que consideramos susceptible de provocar un sufrimento cruel en quen os sofren; por esta razón cremos que ben vale a pena o esforzo de crear un grupo de profesionais especialmente preparados, pacientes, con empatía, con capacidade de diálogo, tolerantes e con imaxinación para idear solucións como ferramenta para incidir sobre esas situacións e revertelas dentro de canles de normalidade a través dunha solución non baseada non no dereito senón no sentido e na autocomposición de intereses. Trataríase, en definitiva, de buscar solucións ao problema elaboradas polas partes en conflito, aceptadas por elas e nas que ningunha se sentise perdedora.

Núbebes, o primeiro Festival de Artes Escénicas para bebés



Entre o 21 e o 29 de setembro Pontevedra acollerá Núbebes, o primeiro festival adicado aos máis cativos, que se celebrará en tres espazos diferentes da cidade: a Casa Azul, a Casa das Campás e o Teatro Principal de Pontevedra.

As propostas van dirixidas a bebés con espectáculos, sesións de conta contos, musicais e de actividades sensoriais nas que poderán participar, ademais dos máis pequenos,

os pais, as nais e as e os avós. Ademais para os adultos e docentes das escolas infantís desenvolveranse talleres de iniciación á linguaxe de signos, acompañamentos emocionais ou psicomotricidade.

Todas as actividades son de balde até completar aforo. Para os obradoiros de adultos é necesario inscribirse previamente a través do correo electrónico contacto@baobabteatro.com



Lores en Munic: “Coa peonalización conseguimos cidades máis democráticas”

“Democracia, esa é a palabra clave do que perseguíamos coa peonalización da cidade; que Pontevedra fose máis de toda a cidadanía”. Foi a resposta de Lores á pregunta concreta do moderador da intervención do alcalde na conferencia internacional Walk21, que se celebra en Múnic. A pregunta de Jim Walker era “Que perseguían facer cando iniciaron este proceso?”.

A participación de Lores non deixou indiferentes aos organizadores, que eloxiaron a Pontevedra definíndoo como un exemplo de éxito que reflicte, unha por unha, todas as aspiracións do movemento “walker”, reunidas na capital bábara.

Miguel Anxo Fernández Lores participou nunha mesa de alcaldes na que reflexionaron, sobre todo, encol do proceso de implantación deste tipo de modelos nos que o coche deixe espazos libres para que os peóns o recuperen.

O alcalde centrou a súa intervención no importante que é ser decididos e seguros á hora de tomar este tipo de decisións, que poden levantar algúns temores. Considerou que os consensos sociais e a participación hai que conseguila coas

partes máis dinámicas da sociedade, e ter claro que os políticos deben tomar decisións ao servizo da maioría. Por tanto, encomendou un alto valor á política como axente transformador.

Unha das preguntas que realizou Jim Walker, o presidente da entidade e moderador desta charla, a Lores, foi que perseguían cando iniciaron o cambio da cidade. “Hai unha palabra clave: a democracia. A cidade tiña que ser de todos os cidadáns, especialmente dos que teñen máis dificultades para incorporarse á vida social. Neso consiste a política: en realizar transformacións beneficiosas para o conxunto da cidadanía”.

Posteriormente preguntóuselle tamén polas resistencias que se presentaron durante o proceso. “As resistencias, normalmente, non son das persoas, senón dos políticos da oposición, que aproveitan todo o que poden para frenar os cambios profundos na sociedade”. Referiuse en concreto ao recurso xudicial que este proceso merecera por parte do PP, que perderon seis anos despois nunha memorábel sentenza.

Os outros tres municipais participantes tamén

expuxeron as súas experiencias, lóxicamente moi desiguais á de Pontevedra. O caso de **Múnic** ten bastantes paralelismos coa cidade do Lérez no sentido en que o Concello promove a concentración comercial no centro urbano e non promove centros comerciais na periferia; ademais, mantén unha intensa actividade urbana nas áreas peonís do centro histórico en colaboración cos comerciantes e a hostalaría, se ben as políticas peonís da capital bábara de momento se circunscriben bastante á área histórica da cidade.

O caso de **Sydney** leva un percorrido menor, pois se iniciou hai 4 anos co cambio na alcaldía, o que significou iniciar o camiño peonalizador, que comezaron por crear debate social e escoitar propostas da cidadanía para asumir os principios das cidades que camiñan.

Skodra, a cidade balcánica de tamaño semellante a Pontevedra, expuxo sobre todo o seu dilema: medrar para parecerse a Atenas (20% de mobilidade peonil) ou a Friburgo (70%, semellante a Pontevedra). Trátase dun país en transición, donde ata os anos 90 practicamente ninguén tiña automóviles. As súas autoridades esfórzanse en non perder a tradición peonil, cousa que ven dificultada polos políticos de nivel máis alto, que identifican o progreso co coche. “A aposta peonil está notándose no atractivo turístico de Skodra, e agora moitas cidades albanesas están a copiarlos”.

Ao remate da sesión, Lores foi o máis felicitado polo feito de que o modelo presentado foi integral e harmónico, que recolle todas as esixencias da cultura camiñante: seguranza, accesibilidade, espazo de calidade, mobilidade infantil, cidade activa e harmonía ecolóxica.



O acto remataba coa sinatura por parte dos catro representantes urbanos da Carta pola mobilidade peonil, coa que posaron posteriormente para unha foto de familia.

Pouco despois do plenario no que interviu o alcalde chegou o turno do enxeñeiro municipal, Jesús Gómez Viñas, que diseccionou todos os conceptos que se veñen utilizando en Pontevedra para extender o modelo urbano, apoiado nun conxunto de 50 imaxes sobre a cidade que servían para ir explicando a transformación urbana. O antes e despois do centro peonil, as prioridades de peóns e bicis sobre os tráfico motorizados, o camiño escolar, a seguridade viaria, o concepto de “necesariedade” dos automóviles que accedan ás zonas peonís (repartos, urxencias, residentes, etc).

O presentador da sesión preguntou despois a Gómez Viñas que consello daría ás cidades que desexan transformarse como o fixo Pontevedra. “Cada unha ten que procurar o seu camiño, o seu propio modelo, e sobre todo, tomar decisións políticas axeitadas, xa que non hai receitas que servan para todos os casos”.

O alcalde de Munic pon a Pontevedra como exemplo

No acto de inauguración da Walk21, no que participaron máis de 700 especialistas de todo o mundo relacionados coa mobilidade, o alcalde de Munic, Hep Monatzeder, fixo unha referencia expresa a Pontevedra poñéndoa de exemplo polas súas innovadoras ideas para utilizar os espazos públicos de xeito máis eficiente.

Pontevedra, con dúas intervencións, é a única cidade da península que expuso o seu modelo no pleno, xunto a cidades como Munic, Sydney, Skodra, Basilea, Berlín, Viena e Zúric.

En total tiveron lugar 114 intervencións con casos de todo o mundo, agrupadas en 38 mesas temáticas, ademais das tres sesións principais; nunha delas a palestra de alcaldes na que participou Pontevedra, coa presenza Miguel Anxo Fernández Lores.

(Intervención do alcalde. Aínda que era unha mesa de redonda con preguntas, cada reponsábel político fixo unha pequena introducción sobre as súas cidades e as decisións políticas)

“Política é priorizar pensando no interese xeral e executar con firmeza e clareza”

Bo día: Iniciamos o noso traballo en Pontevedra no ano 1999. Sempre seguimos walk21 e hoxe temos a honra de estar aquí; grazas polo convite.

Pontevedra é unha cidade de 83.000 habitantes con prioridade absoluta do peón sobre o automóbil, con amplísimas zonas peonís, accesíbel, tráfico calmado e velocidade máxima 30 km/h en toda a cidade. Unha cidade cómoda, segura, con moita vida, e dunha moi elevada calidade urbana, recoñecida con numerosos premios de accesibilidade, de seguranza viaria, de recuperación do patrimonio, amiga da infancia, Premio Europeo Intermodes, etc.

Pídenos Jim Walker que nos centremos no “como” facelo. Encantado, pero os diferentes aspectos deste “como” levarían moitas horas. A selección de obxectivos concretos, as solucións técnicas, o proceso de participación social, a execución, o

sostemento, a xestión dos espazos públicos, a ordenación da mobilidade, as dinámicas comerciais e económicas, a recuperación do Centro Histórico, etc, teñen moita complexidade. Fixemos estes traballos e seguimos a facelo diariamente. Nunca se acaba, sempre hai que estar empurrando, vixiando, avanzando.

Por que Pontevedra avanzou a tal velocidade con recursos moi limitados? Pola decisión política, pola vontade de camiñar nesta dirección. Mentres algunhas cidades se centraron en grandes infraestruturas, grandes equipamentos, grandes centros periurbanos e grandes eventos, Pontevedra apostou pola calidade urbana, a cidade para os cidadáns, a mobilidade natural, o medio ambiente urbano, patrimonial e natural, pola posta en valor da cidade e da vida urbana.

Foi este o proxecto estrela do goberno municipal de Pontevedra.

Estes obxectivos só se poden acadar calmado e limitando o abuso do automóbil. Fixémolo con convencemento, decisión e firmeza.

Para min, isto é política; priorizar pensando no interese xeral e executar con firmeza e clareza. O modelo urbano de Pontevedra, ver na práctica os resultados do que está brillantemente exposto nos textos, é a maior satisfacción da miña vida pública.

As vantaxes son tan grandes: desaparición da contaminación acústica e aérea, prácticas saudábeis de camiñar ou bici, vida nas rúas, inclusión social, seguranza viaria e percepción de seguranza, autonomía dos mais débiles, nenos, vellos e persoas con discapacidades, vida comercial, cidade cómoda e agradábel, en definitiva, calidade de vida e calidade urbana, que estou absolutamente convencido de que é o camiño a seguir, o camiño de futuro.

Pontevedra protagonista en dous seminarios internacionais sobre mobilidade nos concellos portugueses de Beja e Almada

O Concello de Pontevedra estará representada a vindeira semana en sendos seminarios organizados polos concellos portugueses de Beja e Almada (estes últimos estiveron de visita en Pontevedra recentemente) para coñecer a experiencia da mobilidade urbana en Pontevedra. O Concello estará representado pola concelleira Carme da Silva, e o intendente principal da Policía Local, Daniel Macenlle.

A primeira das xornadas é a do Concello de Beja, que será o luns, 16 de setembro que leva por título “A accesibilidade e a mobilidade como factores de desenvolvemento”.

O seminario do Concello de Almada será o martes, 17 de setembro, baixo o título “A importancia da accesibilidade na requalificación dos territorios e na calidade de vida dos cidadáns”.

En ambos os dous casos Pontevedra centrará a palestra internacional baixo o título de **peóns, seguranza e mobilidade urbana**.



Os camiños escolares buscan fomentar a autonomía e responsabilidade dos nenos e nenas

O Concello de Pontevedra deu un chanzo máis neste inicio do curso escolar mellorando a seguranza viaria no ámbito dos centros de ensino no centro urbano. Segundo explicou a concelleira de Protección Cidadá, Carme da Silva, aínda que **o obxectivo do Concello é fomentar que os nenos vaian andando ao cole** hai alumnos que, por distintos motivos, teñen que acudir en coche ao centro”.

Para garantir a **seguranza viaria na contorna dos centros escolares**, o Concello estudou todos os ámbitos e habilitará zonas de “Servizos” en todos os centros de ensino. Son zonas habilitadas de 08.00 a 21.00 horas, autorizando unha parada de 15 minutos. Nestas zonas os condutores poderán estacionar coa máxima seguridade para os nenos e evitando riscos innecesarios. De feito, a concelleira explicou que dende as cámaras da Policía Local detéctanse situacións de perigo “e non se pode xogar todos os días coa sorte”.

O funcionamento dos camiños escolares ao comezo de curso é esperanzador, e foron moitos os alumnos e alumnas que acudiron, acompañados ou sós, ao seu centro de ensino a pé. A experiencia no curso anterior no Álvarez Limeses indican que cada vez serán máis nenos e nenas as que acudan sós ao cole, fomentando, deste xeito a autonomía e a responsabilidade dos cativos participantes, e eliminando as ringleiras de coches ás portas dos colexios, e o conseguinte perigo para a seguranza dos nenos e nenas.

Petanca en Monte Porreiro

Os veciños e veciñas de Monte Porreiro contan xa con dous campos de petanca habilitados no Miradoiro que están unidos ao parque infantil cun sendeiro con lastro (material similar que existe na zona) co obxectivo de permeabilizar toda a zona de xogos do Miradoiro e facilitar, deste xeito, a socialización neste ámbito, lugar de encontro de persoas de todas as idades, que se completa con outras instalacións como a horta urbana, situada fronte a este espazo de xogos.

Este campo vén a sumarse a outras áreas de petanca que o Concello habilitou noutras parroquias e barrios da cidade como o de Campolongo ou o de Santo André de Xeve, tratando de fomentar este xogo colectivo tradicional.

Visita a Braga e arredores

A Concellaría de Patrimonio Histórico inicia o programa de actividades de outono cunha viaxe a Braga e aos seus arredores que se celebrará o vindeiro 28 de setembro. Nesta visita participarán representantes de asociacións culturais, veciñais e de centros educativos.

O obxectivo da viaxe é coñecer experiencias e iniciativas relacionadas coa conservación e promoción do patrimonio cultural que poidan servir como referencia para o Concello e para as entidades interesadas.

As persoas interesadas deberán inscribirse ben directamente no concello (Michelena, 30-3o andar) en horario de mañá ou por medio do correo electrónico patrimoniocultural@pontevedra.eu. O prazo de inscrición estará aberto desde o luns 16 ao venres 20 de setembro.

Asfaltado da estrada de Cabanas

O Concello de Pontevedra inicia o luns 16 o asfaltado da estrada de Cabanas, na parroquia de Salcedo, dende o acceso da avenida de Vigo até a rotonda do local de Cabanas.

Segundo informou o concelleiro delegado da parroquia, Demetrio Gómez, o orzamento é de 60.000 euros incluídos dentro do millón de euros de investimento da última modificación de crédito aprobada antes do verán.

O necesario asfaltado desta entrada á parroquia de Salcedo e de acceso ao local social de Cabanas, foi consensuada no Consello parroquial de Salcedo, ao igual que o resto de obras e melloras que se van realizar co millón de euros que o Concello investirá neste final de ano nas parroquias do rural pontevedrés.

Ao igual que se está a realizar no centro urbano, o asfaltado do acceso a Cabanas farase nos treitos que se atopan en peor estado.

LIBERDADE PARA OS

5

PATRIOTAS CUBANOS

PREPOS NOS EEUU POR COMBATER O TERRORISMO

organiza:

colabora:

CONCENTRACIÓN
Galiza coa Revolución Cubana
14 de setembro - 12h
Praza da Peregrina
Pontevedra

Xustiza para emigrantes retornados !

Dereito a unha pensión digna !

ASEMBLEA INFORMATIVA

DATA: XOVES 19 de setembro ás 20: 30 H.

LUGAR: CENTRO XUVENIL de PONTECESURES.

FALARÁN: CECILIA TARELA, concelleira

XOSÉ LOIS LEIRÓS,
Asociación de Emigrantes Retornados "Maruxía"

MONTSE PRADO, Deputada no Parlamento Galego

Por unha Patria SOBERANA !

www.bng.galicia.org
facebook.com/bnggalego
twitter.com/bnggalego